

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA.

ASUNTO: NOMEAMENTO DE CATRO PEÓNS FORESTAIS COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL, A XORNADA COMPLETA, PARA A O SERVIZO DE LIMPEZA DE MONTES DO CONCELLO DE SOBRADO (GALICIA SUMA TALENTO: RURAL ACTIVO 2026).

EXPEDIENTE ORIXE Nº: 2026/E001/000002.

EXPEDIENTE DECRETO Nº: 2026/G003/000275.

A Orde do 22 de xaneiro de 2026 (DOG núm. 24 do 05/02/2026) da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración establece as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (programa Galicia Suma Talento:Rural Activo) e se procede a súa convocatoria para o ano 2026.

Ao abeiro de dita convocatoria, o Concello de Sobrado solicitou subvención para a contratación de catro peóns/peoas por un período de 9 meses, para a realización do servizo denominado Servizo de limpeza de montes do Concello de Sobrado, ditando resolución a Xefatura Territorial da Coruña da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, o 21/04/2026 coa autorización e concesión de subvención por importe de 67.820,12 € para a contratación de catro peóns/peoas.

Por resolución de alcaldía núm 205/2026 do 29/04/2026 aprobouse a convocatoria e as bases para a contratación laboral de catro peóns/peoas para realizar dito servizo, e por resolución de alcaldía núm. 246/2026 do 20/05/2026 apróbase a listaxe definitiva de admitidos, nomeamento da comisión seleccionadora, lugar e data de celebración das probas.

A Comisión Seleccionadora, ao abeiro dos resultados obtidos polos aspirantes no proceso selectivo segundo a acta de data 25/05/2026, propón os nomeamentos como peóns forestais para o Servizo de limpeza de montes do Concello de Sobrado (Galicia Suma Talento:Rural Activo 2026) a:

- D. Júan Antonio Souto Lea, con DNI ***8600**.
- D. José Manuel Abad Abad, con DNI ***8317**.
- D. José Manuel Márquez Mariño, con DNI ***1387**.
- D. Jesús González Seoane, con DNI ***1467**.

Transcorrido o prazo de alegacións establecido nas bases da convocatoria e sen ter recibido ningunha, os resultados elévanse a definitivos.

Os seleccionados presentaron correctamente a documentación requirida de conformidade coa base sétima da convocatoria cos rexistros de entrada núm. 202600000000699, 202600000000700, 202600000000701, 202600000000702, do 27/05/2026.

Por todo o anterior, de conformidade co disposto nos artigos 103 e seguintes da Lei 7/1985, de 2 abril, de Bases de Réxime Local, e no uso das atribucións que me outorga o artigo 21 da dita lei, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Aprobar os resultados definitivos do proceso selectivo para a contratación laboral temporal, de catro peóns forestais para o servizo de Limpeza de Montes do Concello de Sobrado (Galicia Suma Talento:Rural Activo 2026) mediante concurso-oposición de:

APellidos e Nome	DNI	Puntuación
------------------	-----	------------

Souto Lea Júan Antonio	***8600**	9,8
Abad Abad José Manuel	***8317**	9,6
Márquez Mariño José Manuel	***1387**	9,5
González Seoane Jesús	***1467**	9,3

SEGUNDO.- Proceder a contratación de e Júan Antonio Souto Lea con DNI ***8600**, José Manuel Abad Abad con DNI ***8317**, José Manuel Márquez Mariño con DNI ***1387**, e Jesús González Seoane con DNI ***1467**, como peóns forestais deste concello, a xornada completa, dende o 01/06/2026 ata o 28/02/2027 (9 meses).

TERCEIRO.- Dar conta da presente resolución aos interesados e ao departamento de persoal aos efectos oportunos para a súa contratación.

CUARTO.- Dar publicidade da presente resolución no taboleiro de anuncios do concello e na páxina web do concello (www.sobrado.es).

Mándao e asíno, o Sr. alcalde en Sobrado, na data da sinatura electrónica ao marxe, asinando eu, como secretaria-interventora, aos efectos exclusivos de transcripción ao Libro de decretos como garantía da súa autenticidade e integridade e para dar cumprimento ao establecido no artigo 2.1 do Decreto 24/2018, de 15 de febreiro, sobre os libros de actas e resolucións das entidades locais galegas.

O alcalde

Luis Lisardo Santos Ares

A secretaria-interventora

Alejandra D. Fandiño Sánchez